



- Porque o galego foi e é a lingua da maioría dos nosos pais e das nosas nais, dos nosos avós e avoas.
- Porque se os nenos e as nenas de hoxe non o fan, dentro duns anos, non o falará ninguén e acabará por desaparecer.



O galego



É A TÚA RESPONSABILIDADE.
NON O DEIXES MORRER.



O NOSO EXISTIR



O galego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada y sus Contornos

Por que é bo que aprendas ben o galego?

- Porque segundo as persoas expertas en aprendizaxe de linguas, se aprendes de pequeno dúas linguas (galego e castelán, por exemplo) despois resúltache moito máis fácil aprender outras (inglés, francés, alemán...)

- Porque cando eres pequeno eres capaz de aprender como mínimo dúas linguas ao mesmo tempo sen problema algún.

O importante é que na casa che falen, por exemplo o teu pai en castelán e a túa nai en galego ou á inversa.


Con todo, aínda que os dous che falen en galego, o castelán valo aprender tamén a través doutros parentes, doutros nenos, da escola, da TV, etc.

- Porque aínda que nos primeiros anos mestures palabras das dúas linguas, a partir dos 6 ou dos 7 anos, vas diferenciar perfectamente o galego e o castelán.

- Porque o galego é unha lingua tan rica, culta, útil e moderna como calquera outra.

- Porque se sabes galego, pódete comunicar facilmente con 280 millóns de persoas de lingua portuguesa (de Portugal, de Brasil, de Angola, etc.)

- Porque se de pequeno aprendes o galego na casa ou na escola, tamén aprendes o castelán sen problema ningún, pero se só aprendes o castelán, cando sexas máis grande non eres quen de falar e de escribir en galego con soltura.



LINGUA GALEGA. NAMÓRATE!

- Porque segundo todos os estudos actuais e imparciais feitos sobre a evolución do galego, cada vez son máis os nenos/as que non saben falar galego.

En só 5 anos aumentou a porcentaxe dos mozos/as que non saben falar en galego dun 10'74% a un 12'34%. **E esa tendencia continúa acelerándose!**

- Porque o galego, fillo do latín e irmán do castelán, do francés, do italiano, do catalán e de tantas outras linguas é unha parte fundamental de todas as persoas que nacimos ou vivimos nesta terra chamada Galicia.